CA2.4 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostra actitudes positivas cara a sustentabilidade.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros por igual.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		
CA2.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Establece conexións entre diferentes áreas do coñecemento.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros por igual.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros por igual.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Goza dos momentos de lectura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros á hora de traballar en equipo.		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Utiliza estratexias diversas para a resolución de tarefas.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros á hora de traballar en equipo.		
CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	Utiliza estratexias diversas para a resolución de tarefas.		
CA3.3 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Mostra actitudes positivas cara a sustentabilidade.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Emprega estratexias para identificar as ideas principais dun texto.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros á hora de traballar en equipo.		
CA3.4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna para partir do uso de máquinas simples e compostas.	Utiliza estratexias diversas para a resolución de tarefas.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		
CA3.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Establece conexións entre diferentes áreas do coñecemento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros por igual.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros por igual.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostra actitudes positivas cara a sustentabilidade.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Emprega diversas fontes para a búsqueda de información.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a resolución de problemas.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Emprega diversas fontes para a búsqueda de información.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Utiliza estratexias diversas para a resolución de tarefas.		
CA4.4 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Utiliza estratexias diversas para a resolución de tarefas.		
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Utiliza estratexias diversas para a resolución de tarefas.		
CA4.6 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Utiliza estratexias diversas para a resolución de tarefas.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Goza dos momentos de lectura.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Goza dos momentos de lectura.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Respecta as opinións das compañeiras e compañeiros á hora de traballar en equipo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Adapta o discurso a diferentes situacións e contextos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta. - Cálculo - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Estratexias de cálculo e reconto sistemático, adaptación do cálculo ao tamaño dos números, representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Cantidade - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de fraccións en textos e contextos familiares e habituais. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999 999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiás resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.

Contidos

- Sentido das operacións
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
- Razoamento proporcional
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo os procesos e estratexias adecuadas, que impliquen o uso de porcentaxes: rebaixas, contidos nos alimentos envasados, análise deportiva, votacións.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Estimación e relacións
- O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.
- Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e as súas consecuencias, recoñecendo as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Importancia da biodiversidade.
- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades.
- Procesos: interacción oral
- Procesos: interacción oral.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Procesos: produción oral.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.
- Xéneros discursivos

Contidos

- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Influencia das fontes de enerxía renovables na contribución ao desenvolvemento sustentable.
- Fontes, transformacións, transferencia e uso responsable da enerxía na vida cotiá para afrontar problemas ecosociais.
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.
- Procesos: comprensión lectora
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas (triángulos, cadrados e rectángulos), con contraste de estratexias e resultados.
- Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións.
- Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación que hai que resolver.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Modelo matemático
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do

Contidos

- resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
 - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
 - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
 - Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
 - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).
 - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
 - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Incerteza
 - Identificación da incerteza en situacións da vida cotiá a través da cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos baseados en xogos de cartas, dados, moedas.
 - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Crenzas, actitudes e emocións.
 - Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos que sustentan a nosa intervención educativa están basados nunha metodoloxía didáctica comunicativa, inclusiva, activa e participativa, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste senso prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo, na medida do posible, o traballo colaborativo e en equipo. A inclusividade será o eixo vertebral da metodoloxía, traballaremos para que o alumnado acepte positivamente as diferenzas entre eles.

A intervención educativa centrarase en educar a cidadás e cidadáns que convivan en sociedade e apliquen os coñecementos adquiridos dentro da escola á súa vida diaria; por iso a aula será un lugar de encontro, na que o diálogo, o traballo en gran grupo e/ou a resolución de conflitos achegárase á realidade máis próxima do alumnado.

En relación ás matemáticas o enfoque metodolóxico fundamentarase na manipulación, experimentación e contextualización, sempre que sexa posible, para trasladar os coñecementos ao papel unha vez comprendidos plenamente.

As áreas lingüísticas traballaranse de forma transversal, xa que as linguas tamén se traballan na área de matemáticas, no que atañe á comprensión das situacións-problema, e nas materias de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais na comprensión dos diferentes conceptos, así como na elaboración de distintos produtos resultado do traballo dos distintos contidos destas materias a través de proxectos de investigación e as propostas realizadas polo Club de Ciencias. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. O enfoque a seguir para a ensinanza das linguas será un enfoque construtivista, no que prima a linguaxe como ferramenta comunicativa, o que implica un estudo pormenorizado das distintas tipoloxías textuais a empregar, buscando sempre o seu uso social. As cuestións metalingüísticas abordaranse de xeito contextualizado e a poder ser como resposta ás necesidades que vaian xurdindo. Concretamente, e a priori, neste curso traballarase como tipos textuais, entre outros, a carta e o texto literario. Os textos seleccionados para traballar en clase tratarán sobre temas que motiven os alumnos e alumnas. Utilizaremos textos de variadas características (autores diversos, rexistros diferentes, dificultade maior ou menor...) para que o noso alumnado teña máis posibilidades de desenvolver a súa competencia comunicativa. Estes textos serán estudados seguindo a estrutura de planificación de Myriam Nemirovsky.

Na aula traballaremos de tal maneira que poidamos favorecer unha continuidade coas aprendizaxes desenvolvidas no curso anterior para ir progresivamente avanzando en contidos e diversidade de tarefas, co fin de que o alumnado adquira pouco a pouco unha maior autonomía e iniciativa no seu propio proceso de ensino-aprendizaxe. Potenciarase o traballo manipulativo, con explicacións xerais e traballo en soporte escrito. Apoiaremos a adquisición de contidos con cancións ou vídeos con información relevante. En todo caso, buscarase sempre o mellor aproveitamento das tarefas, actividades e accións encamiñadas ao logro dos obxectivos propostos en cada caso. Realizaranse tarefas integradas.

Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade, onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

A aprendizaxe baseada en proxectos é unha estratexia metodolóxica globalizadora que parte da necesidade e intereses do alumnado e as necesidades educativas. Esta estratexia de organización baseada no tratamento da información de xeito conxunto e no establecemento das relacións entre os diferentes tipos de contidos vai favorecer a construción do coñecemento asegurando que as aprendizaxes sexan significativas. Terase en conta para a realización do proxecto o tema proposto pola biblioteca escolar. Seguirase o seguinte esquema didáctico para desenvolvelo: - Que nos interesa? - Que sabemos xa sobre iso? - Que queremos saber/facer? - Que información precisamos? - Onde buscamos a información? - Como nos organizamos? - Como avaliamos o proceso/resultado?

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos matemáticos: os recursos matemáticos que se empregarán afondarán no seu carácter manipulativo, favorecendo así que o alumnado os poida coller, tocar e mover para poder familiarizarse con diferentes conceptos matemáticos como a numeración, a estimación, as operacións ou a resolución de problemas.
Recursos lingüísticos: entre os recursos lingüísticos que se empregarán aparecerán diferentes exemplos reais de tipoloxías textuais de uso social.
Recursos textuais: o material bibliográfico da biblioteca servirá de base para a aprendizaxe e será un recurso de consulta habitual para apoiar a adquisición de aprendizaxes.
Xogos didácticos: o material lúdico servirá para reforzar as aprendizaxes e para tratalas dunha maneira máis distendida co alumnado.
Cadernos de aula/axenda: cumpre unha función específica para fomentar a escritura no alumnado dunha maneira máis amena, así como a súa planificación.
Taboleiros e paneis: a través destas ferramentas complementarase a información que se proporciona na aula e servirá de espazo común para recoller as investigacións que se realicen.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación: destacan os ordenadores individuais e a pizarra dixital interactiva, que servirá para complementar as explicacións en gran grupo.
Tecnoloxías: incluímos as ferramentas dispostas no talles (impresora 3D, recursos de robótica, ferramentas...).
Outros materiais e espazos de centro: o material que temos para investigar e descubrir no patio e na contorna tamén son fundamentais nos procesos de ensino-aprendizaxe de aula. A aula non se limita ás catro paredes, senón que abrangue tamén outros espazos como corredores, patio e contorna, entre outros.
Recursos persoais: o profesorado con disponibilidad horaria, as especialistas en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe, así como outras especialistas de área, son fundamentais para desenvolver a proposta metodolóxica que se pretende a nivel de centro.

Os recursos que se recollen neste apartado son un exemplo dos empregados na aula. Isto non quere dicir que sexan os únicos empregados: cando dende o ciclo se entenda que un material pode ser complementario e resulte interesante e atractivo para o alumnado, buscaremos a maneira de encaixalo na dinámica de aula, enriquecendo así o proceso de ensino-aprendizaxe e creando novas oportunidades para o alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O procedemento da avaliación inicial realizarase dentro do primeiro mes do curso escolar. Para levalo a cabo, a titora ou titor coordinarase, na medida das posibilidades, coas titoras e especialistas que traballaron durante o curso previo co alumnado. Así mesmo, os informes individualizados de cada alumno e alumna, servirán para coñecer a realidade de cada quen a nivel individual e establecer unha idea inicial.

O punto de partida inicial axustarase o máximo posible complementándoo coa observación directa na aula e coa análise do traballo realizado polo alumnado durante as primeiras semanas. Os resultados desta avaliación inicial poñeranse en común nunha sesión de avaliación a nivel de ciclo na que tamén estarán presentes a xefa do Departamento de Orientación, as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, así como unha representación do Equipo Directivo. Así mesmo, os resultados desta sesión de avaliación reflectiranse en XADE.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	5	5	5	5	5	10	10	10
Proba escrita	0	16	16	16	15	16	16	11	16	18
Táboa de indicadores	100	84	84	84	85	84	84	89	84	82

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	6	6	4	4	100
Proba escrita	18	14	14	16	16	14
Táboa de indicadores	82	86	86	84	84	86

Criterios de cualificación:

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Por iso, o rexistro do traballo diario será a base para recoñecer o grao de adquisición dos contidos así como as posibles dificultades que xurdan durante o proceso. Así mesmo utilizaranse diferentes técnicas e instrumentos para que a avaliación sexa o máis obxectiva posible.

Os criterios de cualificación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias clave. Se no proceso de avaliación continua se advirte que un alumno/a non progresa adecuadamente, no momento no que se detecten as dificultades de aprendizaxe, adoptaranse as medidas de reforzo oportunas coa intención de que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Trimestralmente, o equipo docente que imparte docencia a cada grupo reunirse para considerar o grao de consecución dos obxectivos do alumnado e así avaliar o procedemento. Informarase ás familias do grao de adquisición de contidos nas diferentes áreas curriculares a través dos boletíns de cualificacións na plataforma XADE.

Criterios de recuperación:

Segundo o disposto no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia, "o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior".

De todos os xeitos, tal e como se comentaba con anterioridade, o proceso de reforzo farase efectivo no momento no que se aprecien dificultades por parte do alumnado. Este reforzo realizarase con profesorado con dispoñibilidade horario e, de ser necesario, co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe se así se valora nas sesións de avaliación por parte do profesorado e do Departamento de Orientación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade que se terán en conta para o presente curso escolar son as que veñen determinadas pola Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia.

Entendemos por medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e nas concrecións anuais de dito plan.

Tal e como se recolle no artigo 8 do Decreto 229/2011, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Entre as medidas de carácter ordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- A adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- A adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Entre as medidas de carácter extraordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas.

Esta escolma de medidas de atención á diversidade é un reflexo daquelas que se poderán desenvolver nalgún momento da etapa, mais non teñen porque desenvolverse todas elas de non darse as circunstancias que se contemplan na lexislación pertinente. Estas medidas son susceptibles de seren ampliadas no caso de ser necesarias para a inclusión educativa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Expresión escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espíritu científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Espíritu emprendedor.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para o desenvolvemento sustentable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.17 - Orientación educativa.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.18 - Acción tutorial.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Expresión escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espíritu científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Espíritu emprendedor.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para o desenvolvemento sustentable.	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación afecivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.17 - Orientación educativa.	X	X	X	X	X	X	X
ET.18 - Acción tutorial.	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas pola contorna.	Ao longo do curso trataremos de realizar como mínimo unha saída trimestral dentro da contorna do centro e unha fóra da contorna (preferentemente no 3º trimestre). Tanto as saídas ao entorno, como as que precisen transporte, contarán coa autorización previa do pai, nai ou titor legal do neno/a, coa antelación da que se dispoña inmediatamente tralo seu acordo. A selección das saídas realizarase en función do seu grao de interese e viabilidade.	X	X	X
Conmemoracións recollidas no calendario escolar.	Programaranse actividades a nivel de centro, ciclo e aula nos días que establece a Orde que regula o calendario escolar.	X	X	X

Observacións:

Estas actividades irán encamiñadas a reforzar os contidos adquiridos na aula, a motivación dos alumnos/as fronte ás distintas áreas, así como a potenciar a relación co medio que nos rodea e co contexto social. Tendo por obxectivos:

- Complementar a oferta educativa que realiza o centro con novas actividades.
- Alcanzar unha maior rendibilidade social e educativa das instalación e dotacións do centro.
- Facilitar a relación dos alumnos e alumnas co centro menos marcada pola obrigatoriedade e a rixidez das actividades lectivas.

En termos xerais, poderán consistir en:

- Potenciación de actividades interdisciplinares cos demais cursos e alumnos/as.
- Asistencia a concertos didácticos.
- Proxección de documentais ou películas de vídeo autorizadas.
- Saídas pola contorna.
- Exposicións.
- Celebración das distintas conmemoracións que marca o calendario oficial para cada curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación de tarefas.
Distribución de tempos e recursos.
Programación didáctica.
Proceso de avaliación.

Metodoloxía empregada
Adecuación dos obxectivos e contidos ás características do grupo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización da aula e uso de recursos.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Ambiente de traballo e participación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Organización e coordinación do equipo.
Implicación do profesorado.
Relación e implicación das familias no día a día.

Descrición:

A valoración que se fai de cada un dos indicadores de logro mencionados con anterioridade recibirá unha valoración nunha escala de 1 a 4 puntos, sendo 1 a nota máis baixa e 4 a nota máis alta.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A medida que se vaia desenvolvendo a presente programación será preciso facer unha avaliación da mesma, do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente. Cos resultados da mesma faranse as propostas de mellora necesarias para adecuar a programación ás necesidades que vaian xurdindo na aula.

Posto que unha programación de aula debe ser aberta e flexible, este documento recolle unha proposta organizativa que poderá sufrir modificacións co fin de atender aos intereses e necesidades xurdidas na aula durante a súa aplicación.

9. Outros apartados